

# PREMIO XORNALÍSTICO



**Manuel Reimóndez Portela**

**XX EDICIÓN  
2015**



## BASES

- 1  
Convócase a XX edición do Premio Xornalístico “Manuel Reimóndez Portela”
- 2  
O Premio outorgarase ao mellor traballo ou serie de traballos (ata un máximo de cinco), publicados en lingua galega, en calquera dos medios de comunicación escritos
- 3  
A dotación económica do Premio será de 1000 €. O premio estará suxeito ás correspondentes obrigas tributarias.
- 4  
Ao Premio poderanse presentar traballos publicados ata o día 25 de agosto do 2015. O prazo de recepción rematará o día 1 de setembro de 2015.
- 5  
Os autores e autoras ou calquera lector poderá enviar un exemplar dos traballos publicados, no que conste a data de publicación, o/a autor/a e o medio, á sede da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, Zona Deportiva s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra, ou ao enderezo [fecae@feiradomoble.com](mailto:fecae@feiradomoble.com).

6  
O xurado cualificador estará integrado por membros do Comité de Seguimento do Premio, actuando un deles como presidente/a e outro como secretario con voz pero sen voto.

7  
A resolución do xurado cualificador será inapelable e darase a coñecer no mes de setembro. O premio entregarase na XXIX Feira do Moble de Galicia, que terá lugar no mes de setembro.

8  
O xurado poderá declarar deserto o premio.

9  
Os orixinais non premiados, poderán ser devoltos, previa solicitude nun prazo máximo de trinta días a partir da data do fallo. A Fundación de Exposicións e Congresos, resérvase o dereito de publicación dos traballos premiados.

10  
A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

